

Museo Pedagógico de Galicia

---

Actividades dirixidas a centros educativos

# OFERTA EDUCATIVA

2022 - 2023

# PRESENTACIÓN

O Museo Pedagóxico de Galicia é un centro específico da Consellería de Cultura, Educación e Universidade destinado a recuperar, salvagardar, estudar, mostrar e difundir todas aquelas expresións que poñan de manifesto a variedade e riqueza do patrimonio educativo de Galicia.

Como parte da nosa labor de difusión deste patrimonio pedagóxico, dende o museo programamos durante todo o ano actividades divulgativas coas que achegar ao público a colección así como distintos contidos vinculados á mesma.

Un ano máis, neste programa de actividades destacan as dirixidas aos centros escolares. Unha oferta con propostas adaptadas a cada etapa educativa coas que o alumnado poderá achegarse á historia da educación en Galicia e aos cambios que a transformaron nos últimos séculos.



## EDUCACIÓN INFANTIL

### Visita libre

Visita non guiada ás salas expositivas, co acompañamento do profesorado responsable do grupo. O persoal do museo recibirá ao grupo á súa chegada para realizar unha pequena introdución sobre os contidos e a colección que atesoura así como asesorar ao profesorado sobre o itinerario recomendado de visita.

Duración: flexible

Actividade gratuíta con reserva previa



### Visita guiada + obradoiro

Percorrido guiado por algunas das salas do museo co que o alumnado coñecerá e mesmo experimentará como eran antigamente as escolas e os xogos habituais entre os nenos e nenas coma eles.

A visita complementase cun pequeno obradoiro no que construirán o seu propio xoguete a partir de elementos naturais.

Duración: 45 minutos

Grupos de 25 persoas como máximo

Actividade gratuíta con reserva previa





### Visita guiada

Percorrido guiado por algunas das salas do museo co que o alumnado coñecerá e mesmo experimentará como eran antigamente as escolas e os xogos habituais entre os nenos e nenas coma eles.

Duración: 60 minutos

Grupos de 25 persoas como máximo

Actividade gratuita con reserva previa



## EDUCACIÓN PRIMARIA

### Visita libre

Visita non guiada ás salas expositivas, co acompañamento do profesorado responsable do grupo.

O persoal do museo recibirá ao grupo á súa chegada para realizar unha pequena introducción sobre os contidos e a colección que atesoura así como asesorar ao profesorado sobre o itinerario recomendado de visita.

Duración: flexible

Actividade gratuita con reserva previa

### Ruta didáctica "Segredos tras o encerado"

Actividade na que o alumnado visita o museo de forma autónoma traballando e resolvendo en pequenos grupos as propostas dos cadernos didácticos que se lles entregan ao comezo da visita.


Co acompañamento do profesorado responsable do grupo, o alumnado deberá procurar información nas salas, observar e reflexionar para poder descubrir os segredos que os obxectos expostos poden contarnos sobre o seu tempo e sobre as persoas que fixeron uso deles.

Duración: 50 minutos

Nivel educativo: 3º a 6º de EP

Grupos de 50 persoas como máximo

Actividade gratuita con reserva previa




## Visita guiada

Percorrido guiado polas principais salas do museo co que o alumnado coñecerá como eran antigamente as escolas e os cambios que estas viviron dende o século XIX.

Duración: 60 minutos

Grupos de 25 persoas como máximo

Actividade gratuíta con reserva previa



## EDUCACIÓN SECUNDARIA

### Ruta didáctica "Viaxeiros do tempo"

Actividade na que o alumnado visita o museo de forma autónoma traballando e resolvendo en pequenos grupos as propostas dos cadernos didácticos que se lles entregan ao comezo da visita. Co acompañamento do profesorado responsable do grupo, o alumnado deberá observar, reflexionar e procurar información nas salas para realizar con éxito esta viaxe no tempo que os levará a descubrir os cambios que se produciron nas escolas e na realidade dos rapaces e rapazas coma eles ao longo dos últimos séculos.

Duración: 50 minutos

Grupos de 50 persoas como máximo

Actividade gratuíta con reserva previa

### Visita libre

Visita non guiada ás salas expositivas, co acompañamento do profesorado responsable do grupo.

O persoal do museo recibirá ao grupo á súa chegada para realizar unha pequena introdución sobre os contidos e a colección que atesoura así como asesorar ao profesorado sobre o itinerario recomendado de visita.

Duración: flexible

Actividade gratuíta con reserva previa

# RESERVA DE ACTIVIDADES




# OUTROS SERVIZOS

## → MUPEDUCA

Mupeduca é un plan de colaboración entre os centros e o museo. Fixéstedes un proxecto sobre algúñ tema relacionado co museo e precisades colaboración, difusión...? Contádenos a vosa idea e colaboraremos para levala a cabo.


<https://mupega.edu.xunta.gal/servizos/MUPEDUCA>



## → MICROESPAZO MUPEGA

O Microespazo consiste na recreación dunha aula histórica realizada con materiais orixinais dos fondos do Museo Pedagóxico de Galicia. Trátase dunha mostra itinerante que pode ser solicitada para a súa instalación temporal nos centros educativos con motivo dalgunha efeméride, proxecto...

<https://mupega.edu.xunta.gal/o-noso-patrimonio/exposicion-itinerante>



## → EXPOSICIÓN TEMPORAIS, RECURSOS...

Ao longo do curso continuamos a traballar na programación de exposicións temporais, actividades, recursos para a aula...

<https://mupega.edu.xunta.gal/>



## Museo Pedagógico de Galicia

---

Actividades dirixidas a centros educativos

### Museo Pedagógico de Galicia

Rúa de San Lázaro, 107  
15707, Santiago de Compostela

<https://mupega.edu.xunta.gal/>  
museo.pedagoxico.galicia@edu.xunta.gal  
981540155 / 981540150

Entrada gratuita

